



REIVINDICACIÓN DO USO DA “BICICLETA” NO “DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE”

O “Grupo de traballo pola bici do IES Xunqueira II”, o Colectivo “PEDALADAS” e a “Asociación Pola Defensa da Ría”, no “Día Mundial do Medio Ambiente” teñen tomado a decisión de reivindicar de forma conxunta a utilización da “bici” como medio de transporte na cidade de Pontevedra, unha vella reivindicación que mesmo ven avalada pola Dirección Xeral de Tráfico, que no número correspondente ao mes de maio da súa revista, chama a atención sobre a necesidade de recurrir á bicicleta para o transporte na cidade tanto polo seu interese na solución dos problemas de tráfico como polo seu papel na loita contra a contaminación ambiental urbana.

Neste contexto, os colectivos antes citados queren chamar a atención da cidadanía da bisbarra pontevedresa –e dun xeito moi especial das autoridades locais- sobre a practica ausencia na nosa cidade de medidas que faciliten o uso da bicicleta.

En primeiro lugar, botan en falta os colectivos a delimitación de “carris bici” e unha sinalización específica para este tipo de transporte, algo que se fai máis patente se cabe no casco histórico, no que entenden sería perfectamente compatible co uso peonil. Pero botan en falta tamén zonas de aparcadoiro para bicis, particularmente en zonas públicas onde este tipo de infraestructuras poden seren de maior utilidade (prazas, estacións, piscinas e campos deportivos, centros de cultura e de ensino,...). Chama a atención neste sentido que nas ruas de nova apertura ou nas que se acometen obras de recuperación do espazo para uso peonil, non se teña previsto este tipo de actuacións encamiñadas a potenciar o uso da bicicleta; é o caso da zona de Campolongo na que se podería ter iniciado, sen maiores dificultades, o trazado dun carril-bici aproveitando as novas beirarruas, e ter instalado aparcadoiros para bicis no novo edificio da Xunta que alí se está a construír. En concreto reivindicamos un aparcadoiro de bicis soterrado para os traballadores/as do propio edificio e outro en superficie para seren utilizado polo público que alí se achega a resolver algunha xestión.

Pregúntanse tamén estes colectivos qué foi das 100 bicis que prometeron implantar en Pontevedra para a primavera pasada a Xunta de Galicia e o Concello?. Qué razón pode levar a non cumprir esta promesa que, con seguridade, axudaría a implantar o uso da bici na nosa vila?.

E propoñen que a Policía Local –como xa fan noutras cidades e vilas galegas- se despraze pola zona monumental en bici e non en motos, pois entenden que sería un bó exemplo para o conxunto da poboación.

Xa por último, queren deixar claro estes colectivos que coas súas reivindicacións para a bisbarra de Pontevedra no “Día Mundial do Medio Ambiente”, non tentan máis que afondar nun modelo de cidade peonil, no que as persoas deben ter preferencia fronte aos automóbeis, unha cidade respectuosa co medio ambiente e que persigue unha maior calidade de vida para as persoas, un modelo iniciado hai xa oito anos polo goberno municipal de Pontevedra e que entenden non debe ter volta atrás.

Pontevedra, 5 de xuño de 2007